

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001658	CEIP Plurilingüe Julio Gurriarán Canalejas	O Barco de Valdeorras	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

A materia de educación plástica, vista como unha linguaxe universal, pretende desenrolar a imaxinación, a creatividade, a sensibilidade estética dos alumnos, a súa capacidade de percepción, a de expresarse a través das súas creacións e a de interpretar as “obras” dos demais. É, así mesmo, un recurso moi importante para promover a construción da autoestima e a autoconciencia, atención, estimulación da percepción, intelixencia e memoria a curto e longo prazo, o sentido estético, a sensibilidade, a participación e a cooperación.

Ademais, a creatividade é decisiva no desenvolvemento da sociedade, onde os cambios ocorren dun xeito vertixinoso e continuo por eso esta materia é clave para adestrar a estudantes con orixinalidade, flexibilidade, visión de futuro, intuición, seguros e amantes dos riscos, preparados para afrontar obstáculos e problemas que xorden nas súas vidas, ademais de ofrecerlles ferramentas para a innovación.

Ao facer traballos artísticos, o que facemos é representar as experiencias da nosa vida, ampliando as posibilidades de lecer e goce. O proceso de aprendizaxe no ser humano non pode estar lonxe do desenvolvemento das súas facetas artísticas que lle serven de medio de expresión das túas ideas, pensamentos e sentimentos. Como ocorre con outras linguas, a persoa usa linguaxe plástica para comunicarse con outros seres humanos.

A educación artística favorece ademais o desenvolvemento da linguaxe e a socialización dos seres humanos. Os nenos expresan a través das súas producións individualidade artística e cultural, relación cos demais e co seu contorno. O coñecemento de obras e expresións artísticas e culturais diversas en espazos variados para a aprendizaxe da socialización, fomenta o diálogo cos demais e o desenvolvemento do pensamento reflexivo e crítico, polo que capacita ao neno para que coñeza e disfrute do seu entorno natural, social e cultural.

A linguaxe artística artéllase arredor de dous eixos: a percepción e recoñecemento visual e a expresión de ideas e sentimentos. Debemos partir sempre do entorno natural e social do neno e tentar que este investigue cos materiais, que os manipule, que debuxe, constrúa....taanto individualmente coma en grupo.

O 3º curso de primaria está dividese en dous grupos:

- 3º A : formado por 16 alumn@s d@s cales 3 asisten á aula de Pedagogía Terapéutica por ter dificultades de aprendizaxe e outra máis recibe reforzo educativo. E 3 alumn@s son atendidos na aula de Audición e Linguaxe. Tamén hai un posible TDA sin diagnosticar.

- 3º B : formado por 17 alumn@s d@s cales 4 asisten á aula de Pedagogía Terapéutica por ter dificultades de aprendizaxe . E 3 alumn@s son atendidos na aula de Audición e Linguaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

As competencias básicas trabállanse ao longo das diferentes unidades didácticas que integran a programación.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Convive, aprende e crea.	Materiais na aula de plástica, as tres dimensións, simetría, distancia e tamaño. Artistas: Goya e Sorolla.	36	12	X		
2	Admira a natureza.	Cor e temperatura, naturezas mortas, texturas, formas, movemento, tira de comic. Artistas: Clara Peeters e Yayoi Kosama (flores).	36	12		X	
3	Sinte e transmite.	A música na pintura, o mundo encantado dos libros, arte urbá, luces e sombras. Artistas: Von werefkin e Paul Cézanne.	28	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Convive, aprende e crea.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas de distintos estilos e amosar curiosidade por elas	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características básicas das representacións artísticas cunha linguaxe adaptada ao nivel e recoñecer as principais profesións vinculadas á creación plástica.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto polas propostas artísticas seguindo as normas elementais de comportamento e amosando unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias usando os medios dixitais básicos e amosando confianza nas capacidades propias.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións propios.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto e unha actitude positiva e empática cara a expresión das ideas sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas de distintos estilos e amosar curiosidade por elas		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias básicas para obter información a través de distintas canles, tanto de xeito individual coma en grupo.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar elementos básicos da cultura e do patrimonio de diferentes contornas comparándoos e reflexionando sobre as sensación que producen.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar as propostas artísticas e audiovisuais seguindo as normas de conducta e amosar unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras usando os medios dixitais básicos e amosando confianza nas capacidades propias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de xeito cooperativo na creación de producións artísticas audiovisuais, planificando e asumindo diferentes roles dende a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto e unha actitude positiva e empática cara a expresión das ideas sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.</li> <li>- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Admira a natureza.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas de distintos estilos e amosar curiosidade por elas	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias básicas para obter información a través de distintas canles, tanto de xeito individual coma en grupo.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto polas propostas artísticas seguindo as normas elementais de comportamento e amosando unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias usando os medios dixitais básicos e amosando confianza nas capacidades propias.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de xeito cooperativo na creación de producións artísticas audiovisuais, planificando e asumindo diferentes roles dende a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto e unha actitude positiva e empática cara a expresión das ideas sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas de distintos estilos e amosar curiosidade por elas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características básicas das representacións artísticas cunha linguaxe adaptada ao nivel e recoñecer as principais profesións vinculadas á creación plástica.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias básicas para obter información sobre manifestacións culturais e artísticas a través de distintas canles, tanto de xeito individual coma en grupo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto polas propostas artísticas seguindo as normas elementais de comportamento e amosando unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias usando os medios dixitais básicos e amosando confianza nas capacidades propias.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Cooperar creativamente nas producións culturais e artísticas, empregando elementos básicos da linguaxe plástica e diferentes técnicas artísticas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto e unha actitude positiva e empática cara a expresión das ideas sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.</li> <li>- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Sinte e transmite.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas de distintos estilos e amosar curiosidade por elas.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Describir características básicas das representacións artísticas cunha linguaxe adaptada ó nivel e recoñecer as principais profesións vinculadas á creación plástica.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto polas propostas artísticas seguindo as normas elementais de comportamento e amosando unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias usando os medios dixitais básicos e amosando confianza nas capacidades propias.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Cooperar creativamente nas producións culturais e artísticas, empregando elementos básicos da linguaxe plástica e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas, explicando o proceso e o resultado obtido.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto e unha actitude positiva e empática cara a expresión das ideas sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas de distintos estilos e amosar curiosidade por elas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias básicas para obter información a través de distintas canles, tanto de xeito individual coma en grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto polas propostas artísticas seguindo as normas elementais de comportamento e amosando unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias usando os medios dixitais básicos e amosando confianza nas capacidades propias.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións propios.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas, explicando o proceso e o resultado obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto e unha actitude positiva e empática cara a expresión das ideas sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a</li> </ul>

## Contidos

- atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para realizar calquera actividade artística debemos partir sempre das experiencias vividas e dos contextos que coñecen os alumnos para que esa actividade sexa gratificante e lles permita aos rapaces expresar os seus sentimentos, as súas ideas dun xeito creativo. Temos polo tanto que partir de situacións coñecidas para que se sintan protagonistas da súa aprendizaxe, estean motivados e se potencie a súa imaxinación.

Empregaranse recursos e estratexias diferentes (observar, debuxar, colorear, construír, decorar) destinadas a desenrolar a creatividade dos nenos a través de procesos mentais que abarcan aspectos físicos, emocionais, intelectuais e sociais.

Implementarase unha metodoloxía activa e participativa que fomente a reflexión e o pensamento crítico onde o papel fundamental o xogue o alumno e se lle dea protagonismo ao grupo na toma de decisións.

O mestre buscará en todo momento desenrolar a creatividade dos estudantes, fomentando a autoconfianza e unha autoestima sa, mediante o reforzo positivo e valorando o seu esforzo e a súa colaboración e creando un clima de confianza na clase. Pero tamén apelando a responsabilidade respecto as tarefas propias, ao coidado do material e ó respecto polas producións alleas. Promoverá a participación dos alumnos na organización da aula.

Teranse en conta a diversidade e heteroxeneidade dos alumnos que hai en cada aula á hora de planificar as actividades e ambas serán vistas como factores que enriquecen o proceso e favorecen a creatividade.

As actividades adecuaranse ás dificultades e habilidades dos rapaces, así como aos seus distintos ritmos de traballo e serán na meirande parte individuais sen excluír outras en pequeno grupo, repartindo as responsabilidades, ou outras levadas a cabo por toda a clase.

Aprendizaxe partindo da manipulación de materiais diversos e técnicas artísticas diferentes para lograr novas formas de expresión.

Empregaranse materiais diversos entre eles as tecnoloxías da información e da comunicación para a búsqueda de información e favorecedor da creatividade.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1 - Libro de texto.
2 - Medios audiovisuais cos que conta a escola.
3 - Encerado dixital interactivo.
4 - Libros físicos sobre arte.
5 - Páxinas web.

6 - Láminas, posters e murais.
7 - Actividades interactivas.
8 - Diferentes tipos de papel con gramaxes distintas.
9 - Artículos necesarios para la elaboración de producciones artísticas

Empregaranse principalmente os seguintes materiais:

- Libro de texto Arts ans Crafts 3 da editorial Anaya.
- Medios audiovisuais cos que conta a escola: ordenador: cámaras de fotos e de vídeo, pantalla dixital interactiva...
- Libros físicos das bibliotecas escolar e municipal sobre diferentes artistas: pintores, escultores, diseñadores gráficos, ilustradores¿
- Páxinas web.
  - Vocabulario Arts and Crafts
    - <https://www.youtube.com/watch?v=410VCpYRsmY>
    - <https://en.islcollective.com/english-esl-video-lessons/vocabulary-practice/general-vocabulary-practice/art-supplies-vocabulary/297292>
    - <https://www.youtube.com/watch?v=gdkmevFRCKI>
  - Simetría
    - <https://www.youtube.com/watch?v=V8BiBD1501c>
  - Cores fríos e cálidos
    - <https://www.youtube.com/watch?v=n9gKwnqzg0>
  - Sobre Sorolla
    - <https://www.youtube.com/watch?v=3Qq423bi6E0>
    - <https://www.youtube.com/watch?v=DixQM8Z8Zmo>
    - <https://www.youtube.com/watch?v=8kLdANPfwTE>
  - Sobre Goya
    - <https://fundaciongoyaenaragon.es/2021/04/Me-puedes-llamar-Goya/>
    - <https://www.youtube.com/watch?v=W7YzEsYJ2Ag>
  - Sobre Clara Peters
    - <https://poramoralarte-exposito.blogspot.com/2020/02/clara-peeters-1594-1657.html>
  - Sobre Yayoy Kusama
    - <https://www.youtube.com/watch?v=ouK4NKZJI34>
  - Sobre Marianne von Werefkin
    - <https://poramoralarte-exposito.blogspot.com/2020/09/marianne-von-werefkin-1860-1938.html>
  - Sobre Paul Cézanne
    - <https://www.youtube.com/watch?v=xqsBhzkAZtQ>
    - [https://www.youtube.com/watch?v=eTwwB4sd\\_Bk](https://www.youtube.com/watch?v=eTwwB4sd_Bk)
  - Sobre arte urbano
    - <https://www.youtube.com/watch?v=Ngd51FKgL5A>
    - Instagran
      - OrdeCaos
- Láminas e posters con representacións de obras de distintos autores.
- Actividades interactivas relacionadas con los temas traballados, propostas pola editorial ou buscadas no internet.
- Diferentes tipos de papel: papel pinocho, papel seda, papel celofán, papel cebolla, papel charol, papel kraft, papel de aluminio, cartolina, papel de regalo e papel de imprenta con gramaxes e cores distintas.
- Artículos necesarios para a elaboración de produción artísticas: lápiz, goma, regla, lápices de cores, rotuladores, ceras brandas, acuarelas, témperas, pinces, tesoiras, pintura de dedos, pegamento de barra, punzóns, pegamentos con purpurina, goma eva, plastilina, cinta adhesiva, pintura en spray, cola branca, troqueladoras de formas diferentes, contas de cores, xornais usados, pistola de silicona quente, lazos, vasos ou recipientes para auga...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso propoñeránselles aos alumnos unhas pequenas probas de debuxo, coloreado, recortado e recoñecemento de obras artistas estudados.

Estas probas permitirán valorar o grao de consecución dalgúns dos obxectivos propostos para os cursos anteriores.

Comprobaremos:

- as súas destrezas á hora de colorear.
- se saben cales son as cores básicas e as complementarias.
- se coñecen o nome desas cores en inglés.
- se diferencian entre cores cálidos e fríos.
- se saben os nomes dos útiles básicos que empregan na asignatura de Arts and Crafts.
- se son capaces de recortar seguindo unha liña.
- se dobran un papel de forma correcta e polo lugar indicado
- se presentan os traballos con orde e limpeza.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>36</b>	<b>36</b>	<b>28</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación debe apoiarse na recollida de información e para levar a cabo este proceso e consensuados cos/as outr@s maestr@s de Arts and Crafts e de inglés, empregarei diferentes procedementos de avaliación que terán en común:

- Ser variados para que pèrmitan avaliar as distintas capacidades.
- Dar información información concreta do que se vai a avaliar.
- Que permitan avaliar a transferencias das aprendizaxes a contextos diferentes daquel no que os adquiriron.

### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación sistemática: observación directa do traballo na aula,

Revisión dos libros de Arts and Crafts

Análise das produccions dos alumnos

Exposicións orais dos alumnos.

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Rexistro anecdótico persoal para cada un dos alumnos.

Rúbricas para a valoración das produccions dos alumnos tendo en conta a creatividade, limpeza, entrega en tempo.

Rúbricas que permitan valorar as exposicións orais dos alumnos sobre un artista ou una obra concreta así como o seu nivel de uso do inglés.

### PORCENTAXES

Na asignatura de plástica teranse en conta os seguintes porcentaxes á hora de calificar aos alumn@s:

- Realización das actividades: 50%
- Presentación das actividades: 35%

- Actitude cara @s compañeir@s e a mestra: 10%
- Participación e comportamento na aula: 5%

### Criterios de recuperación:

Habitualmente non hai alumnado con esta materia pendente durante a primaria. Pero no caso excepcional de que algún/ha alumn@ non a superase, aplicaranse os mesmos criterios á hora de calificar a est@s alumn@s, pero facendo maior fincapé na realización das tarefas que na presentación das mesmas:

- Realización das actividades: 60%
- Presentación das actividades: 35%
- Actitude cara @s compañeir@s e a mestra, participación e comportamento na aula: 5%

## 6. Medidas de atención á diversidade

Partindo dun diagnóstico dos dous grupos de 3º curso aos que vai dirixida esta programación didáctica e dunha valoración das necesidades individuais, pondo especial interese no alumnado que precisa de apoio educativo, implementaranse as seguintes medidas de atención á diversidade na aula:

- Proporanse actividades e tarefas que requiran de diferentes procesos cognitivos: recoñecer, identificar, reflexionar, deducir, razoar, explicar, crear... tentando que as situacións de aprendizaxe non se centren nun só destes aspectos c cada vez, de xeito que se adapten aos diferentes estilos de aprendizaxe.
- Faranse tarefas en equipo, que precisen da cooperación e que permitan aos nenos aprender uns dos outros, namentres desenrolan distintas habilidades e competencias.
- Amosaranse distintas opcións para facilitar a percepción: con alternativas á información visual e / ou á auditiva.
- Permitirase presentar a información personalizándoa á través de diferentes soportes e/ou formatos.
- Promoverase a comprensión da lingua estranxeira apoiando as explicacións co uso da lingua nai.
- Facilitaranse o acceso á tecnoloxía e outras ferramentas de apoio.
- Variaranse os niveis de esixencia para evitara frustración, aumentar a autoestima e fomentar o esforzo e a perseverancia.
- Empegarase o feedback co fin de ir mellorando nas diferentes tarefas ata lograr dominar as técnicas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.2 - Dereitos da infancia	X		
ET.3 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.4 - Importancia do exercicio físico e a dieta equilibrada	X		
ET.5 - Desenvolvemento sostible e medio ambiente			X
ET.6 - Uso das TICs e situacións de risco derivadas das mesmas			X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Desenrolo do espírito emprendedor a partir de actitudes coma a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipos e a confianza nun mesmo.	X	X	X
ET.8 - Prevención do racismo e xenofobia e respecto ás diferentes culturas	X	X	X
ET.9 - Desenrolo da expresión oral en público.	X	X	X

#### Observacións:

Algúns deses contidos transversais traballaranse ó longo de todo o curso. Pola contra noutros farase máis fincapé nuns temas que nos outros ou en épocas concretas do ano, nas que se celebrarán determinadas conmemoracións.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Excursións e saídas didácticas	aproveitaranse as excursións e saídas para a observación de elementos concretos e a realización de actividades de aprendizaxe			X
Visitas ao centro por parte de profesionais de diferentes ámbitos.	grupos de teatro, exposicións itinerantes, contacontos.	X	X	X
Exposicións	Carteis, paneis informativos sobre temas diversos.	X	X	X
Celebracións e conmemoracións que se leven a cabo na escola	samaín , día contra a violencia de xénero, Día das bibliotecas escolares (este ano adicado a Harry Potter), magosto, Nadal, día da Paz, día da muller, Entroido, semana do libro , semana da prensa, Día do Libro, Día das letras galegas, Semana da natureza.	X	X	X

#### Observacións:

Os traballos dos alumnos expoñeranse nas aulas correspondentes e farase unha exposición colectiva aberta ao resto do colexio a finais do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Foi axeitada a temporalización para as distintas unidades didácticas.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino- aprendizaxe
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Empregáronse recursos e materiais variados, para facer as tarefas comprensibles e motivadoras.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Tívoise en conta a diversidade do alumnado.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Implementouse a colaboración entre o profesorado do grupo de alumnos , de todo o profesorado do nivel e co profesorado de inglés.
Informouse periódicamente ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos.
<b>Outros</b>
Aplicáronse os criterios de cualificación acordados e difundidos, relacionados co logro das competencias
Revisáronse os traballos propostos e cualificáronse en base ás rúbricas correspondentes.
Acadáronse os obxectivos xerais. En qué medida.

### Descrición:

#### PROCEDIMENTO PARA A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

Revisión e análise dos resultados obtidos ó rematar unha unidade didáctica e/ou unha avaliación.

Reflexion persoal, autoavaliación (escalas de valoración).

Cuestionario ós alumnos sobre a práctica docente (se están a gusto nas clases, se entenden as explicacións, se lle resultan moi complexas as actividades?).

#### MOMENTOS NOS QUE SE LEVARÁ A CABO A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

A avaliación é parte do proceso educativo polo que debe levarse a cabo de xeito continuo mentras este se desenrola, pero fundamentalmente en tres momentos concretos:

- Antes e despois de cada unidade didáctica.
- Ó remate da cada trimestre, cando se teñen as cualificacións do desempeño dos alumnos perante eses meses, xa que é un bo momento para valorar determinados aspectos da posta en práctica da programación e da intervención na aula para facer propostas de mellora.
- Ó rematar o ano escolar.

#### QUÉ FACER COS DATOS

- Análise dos datos e formulación de propostas de mellora.

Unha vez que se comprobren os resultados cuantitativos, ao final da unidade didáctica valorárase en qué medida os alumnos acadaron os obxectivos propostos. No caso de que haxa unha porcentaxe relevante de alumnos que non acadasen os obxectivos propostos, deberanse reforzar eses obxectivos á nivel de toda a aula.

Si pola contra a maioría sí acadou os obxectivos, valorárase se os que non o conseguiron realizaron as tarefas propostas. De non ser o caso, deberán completalas.



## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Unha vez que se comprobren os resultados cuantitativos, ao final da unidade didáctica de cada trimestre, valorárase en qué medida os alumnos acadaron os obxectivos propostos.

No caso de que haxa unha porcentaxe relevante de alumnos que non acadasen os obxectivos propostos, deberanse reforzar eses obxectivos á nivel de toda a aula.

Se pola contra, a maioría sí acadou os obxectivos, valorárase se os que non o conseguiron realizaron as tarefas propostas. De non ser o caso, deberán completar ditas tarefas e volver a presentarllas á mestra.

## **9. Outros apartados**